



PREVISIÓN DE USUARIOS POTENCIAIS DO APARCAMENTO DO NOVO HOSPITAL DE VIGO

A previsión de prazas de aparcamento se fai para horario de mañá, momento de máxima afluencia de persoal, pacientes e visitas. Cubertas estas necesidades non existiría problema para tardes e noites.

Previsión de traballadores:

No momento en que estea a funcionar o novo hospital de Vigo, no C.H. Universitario de Vigo traballan arredor de 5.500 persoas.

Tendo en conta que o C.H. Universitario de Vigo contará con varios edificios nos que se desenvolve a actividade asistencial, Novo Hospital, Meixoeiro, Nicolás Peña e Centros de Alta Resolución, os traballadores repartiranse entre os mesmos. Previsión que no Novo Hospital de Vigo poidan traballar unhas 3.500 persoas (65% do total do complexo).

Como queira que o traballo se fai en quendas, mañá, tarde e noite, o maior volume de traballadores concéntrase en quenda de mañá (66% do total do Novo Hospital), previsión que uns 2.400 traballadores teñan quenda de mañá.

Aínda que en turno de mañá se concentran 2.400 traballadores, o pico máximo de chegada ao centro prevese que poida acadar os 1.400 traballadores simultaneamente, posto que os restantes escalonan a chegada ao centro nunha marxe de 2-3 horas.

O número de prazas de aparcamento debe ter en conta que parte do persoal utiliza medios públicos e noutros casos varios traballadores un mesmo vehículo particular. Considérase que como mínimo necesitaríanse prazas para un 70% dos traballadores de quenda de mañá (arredor de 1.600 prazas)

Previsión de pacientes:

A previsión de fluxo de pacientes diarios é o seguinte:

- Hospitalización: 150 ingresos diarios
- Urgencias: 800 urxencias diarias
- Cirurxía maior ambulatoria: 50 intervencións diarias
- Consultas externas: 4.000 consultas diarias
- Laboratorios: 4.000 pacientes diarios
- Outras asistencias: 1.000 pacientes diarios